



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CPI "ANTONIO ORZA COUTO"

Forte – Boqueixón

Tel. 881866781 - 881866783 - Email: cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.es

SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

PROTOCOLO

DE

FUNCIONAMIENTO

ÍNDICE

- 1. Modalidade**
- 2. Clasificación**
- 3. Usuarios/as do servizo de comedor**
- 4. Atención ao alumnado usuario do servizo de comedor**
- 5. Persoal laboral do servizo de comedor escolar**
- 6. Persoal docente encargo do servizo de comedor escolar**
- 7. Organización e funcións: atribuídas ao conselloe escolar, do equipo directivo e do persoal colaborador en relación do servizo de mantemento**
- 8. Elaboración de menú e dieta equilibrada**
- 9. Normativa e medidas de seguridade e hixiene**
- 10. Gratuidade ou axudas do servizo de comedor**
- 11. Financiación e control de gasto**
- 12. Aboamento ao persoal de atención ao alumnado do servizo de comedor**
- 13. Instrucións de comezo de curso**
- 14. Avaliación e seguimento**
 - **Deberes e dereitos dos usuarios do comedor escolar**
 - **Horario de atención ao alumnado usuario do comedor escolar**
 - **Distribución de colaboradores por espazos**
 - **Normas complementarias**
 - **Actividades educativas e recreativas que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor**

PROTOCOLO DE FUNCIONAMIENTO

O comedor escolar, de acordo co decreto 132/2013, é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Cumpre unha función básica de alimentación e nutrición e elimina aqueles obstáculos económicos, sociais e de calquera outra índole que dificultan ou impiden o desenvolvemento do dereito a educación constitucionalmente recoñecido.

Entenderase como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

1.- Modalidade

Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerán as funcións recollidas na normativa vixente.

2.- Clasificación

Segundo o número de comensais, o comedor é de tipo D: de 251 a 350 comensais. Terá a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor. De acordo co tipo de comedor, o cadro de persoal laboral estará integrado por: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

Tendo en conta que o servizo de comedor dispón de dúas quendas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá conceder un reforzo de persoal laboral, logo de informe favorable da Inspección educativa.

3.- Usuarios/as do servizo de comedor

Poderán ser usuarios/as do servizo de comedor escolar:

- a) Todo o alumnado do centro, correspondendo ao Consello Escolar do centro a selección e admisión nos casos en que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles.
- b) O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.
- c) O profesorado e persoal non docente do centro que soliciten o servizo, sempre que existan prazas vacantes.

A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor, cando existan máis solicitudes que prazas dispoñibles, correspóndelle ao consello escolar do centro, tendo en conta o número de prazas de comedor que precise para o persoal de atención ao alumnado.

Acceso ao comedor escolar de alumnos escolarizados en centros distintos a aquel que lles corresponde segundo a distribución das áreas de influencia

1. O alumnado escolarizado en centro distinto a aquel que lle corresponde segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das xefaturas territoriais da consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

2. Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores na atención dos alumnos comensais o permitan, a consellería competente no eido educativo poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponda.

Estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que aboar, en concepto de prezo público ou tarifa a cantidade de 4,50 euros por día de servizo.

4.- Atención ao alumnado usuario do servizo de comedor

A vixilancia no tempo libre anterior, durante e posterior ao xantar será realizada será realizada, con carácter voluntario, polo profesorado do centro. De non existir profesorado que voluntariamente se encargue das tarefas de atención ao alumnado, a persoa responsable da dirección do centro, logo de informe do consello escolar, adoptará as medidas que considere oportunas, excluindo, en todo caso, calquera contratación que poidese xerar algún tipo de vínculo laboral coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cando o número de voluntarios exceda as necesidades de vixilancia do comedor correspondente, poderanse establecer quendas rotatorias con indicación dos períodos en que o citado persoal desenvolva as súas funcións.

O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar non poderá abandoala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento da dirección.

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da mensaxe de comedor.
- c) Axudar os alumnos e alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades da alimentación e aseo.
- d) Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

f) En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo. O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa seguinte ratio:

-Educación secundaria obrigatoria.

* Nº alumnado: ata 35.

Persoal de atención: 1 persoa.

* Nº de alumnado: de 36 a 70.

Persoal de atención: 2 persoas.

* Nº alumnado: de 71 a 100.

Persoal de atención: 3 persoas.

* Nº alumnado: máis de 100.

Persoal de atención: 4 persoas.

-Educación primaria.

* Nº alumnado: ata 30.

Persoal de atención: 1 persoa.

* Nº alumnado: de 31 a 60.

Persoal de atención: 2 persoas.

* Nº alumnado: de 61 a 90.

Persoal de atención: 3 persoas.

* Nº alumnado: de 91 a 120.

Persoal de atención: 4 persoas.

* Nº alumnado: máis de 120.

Persoal de atención: 5 persoas.

-Educación infantil.

* Nº alumnado: ata 15.

Persoal de atención: 1 persoa.

* Nº alumnado: de 16 a 30.

Persoal de atención. 2 persoas.

* Nº alumnado: de 31 a 50.

Persoal de atención. 3 persoas.

* Nº alumnado: de 51 a 70.

Persoal de atención: 4 persoas.

* N° alumnado: máis de 70.

Persoal de atención: 5 persoas.

5.- Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar o/a encargado/a do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

6.- Persoal docente encargado do servizo de comedor escolar.

Un membro do equipo directivo actuará en calidade de encargado da xestión do servizo de comedor escolar, sen prexuízo das funcións que lles correspondan ao director/a e ao secretario/a, segundo o regulamento orgánico do centro. A persoa responsable da dirección poderá designar encargado/a un profesor/a do centro, se o/a interesado/a o acepta voluntariamente; en caso contrario, será o consello escolar quen faga unha proposta de entre os membros da comunidade educativa.

A persoa encargada do servizo de comedor escolar terá as seguintes funcións:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.

- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais .

7.- Organización e funcións: atribucións do consello escolar, do equipo directivo e do persoal colaborador en relación co servizo de comedor escolar.

Corresponde ao consello escolar e órganos unipersoais do centro, en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar na modalidade de xestión directa, as seguintes funcións:

- **O consello escolar:**
 - Aprobar dentro da normativa vixente o presente protocolo que recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.
 - Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro. Así mesmo, aprobará a súa xustificación de gastos.
 - Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos na normativa vixente.
 - Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
 - Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.
 - Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
 - Propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos para tal fin.

- **Director/a do centro:**

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Existirá unha **comisión do servizo de comedor escolar**, que será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Esta comisión desenvolverá as seguintes funcións:

- Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.
- Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
- Elaborar e propoñer ao consello escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.

- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

8.-Elaboración de menús e dieta equilibrada.

A dirección do centro programará os menús de 4 a 6 semanas de acordo con criterios de alimentación sana e equilibrada do alumnado. Este menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. Estes menús serán autorizados polo consello escolar e estarán xustificados mediante certificación médica. Se os pais e as nais o prefiren, o centro facilitará os medios necesarios para a conservación, en quente ou frío, do menú proporcionado pola familia para o seu consumo polo/a alumno/a respectivo/a.

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar, incluíndo o tipo de preparación, así como a composición das gornicións e as sobremesas.

9.-Normativa e medidas de seguranza e hixiene.

Todos os comedores escolares deberán cumprir as exixencias establecidas no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, o Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio

das comidas preparadas, e o Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, sobre manipuladores de alimentos, así como as demais disposicións legais vixentes en materia de comedores colectivos.

De acordo coa normativa vixente está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e tabaco nos centros educativos e, polo tanto, nas instalacións onde se presta o servizo de comedor escolar.

Antes de comezar o curso escolar, o director ou directora do centro dará as instrucións oportunas para que se revisen todas as instalacións de cociña, almacenamento, rede eléctrica e tomas de auga e gas, así como a desinsectación e desinfección dos locais e utensilios de cociña, despensas, almacén e comedor. Así mesmo, o/a director/a velará para que se leve a cabo un control continuo e adecuado das etiquetas dos produtos envasados e enlatados, datas de caducidade e consumo preferente.

10.-Gratuidade ou axudas do servizo de comedor.

Segundo establece o artigo 11 do Decreto 132/2013, serán usuarios gratuítos do comedor escolar:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 euros.
- O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a ela, atendan os alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.
- Os pais, nais, titores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en ensi

nanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

11.- Financiamento e control do gasto.

Persoas beneficiarias de bonificacións nos comedores xestionados pola consellería competente no eido educativo:

1. O uso do comedor escolar nos supostos non descritos no punto precedente dará lugar ao aboamento total ou parcial deste servizo nos termos que se establecen na presente norma.

2. Co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a consellería asumirá, total ou parcialmente, o seu custo nos seguintes supostos:

2.1. Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía dun euro que se aboará por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

- Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil

Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €

- Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
- Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

2.2. Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 euros que se aboarán por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

- Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
- Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

3. O consello escolar dará a máxima información ás familias sobre o servizo de comedor escolar prestado no centro, para que poidan beneficiarse, se é o caso, das bonificacións, de acordo co disposto neste decreto e na normativa que o desenvolva.

Suxeitos obrigados e contía dos prezos públicos e das tarifas dos comedores escolares xestionados pola consellería competente en materia de educación.

1. Estarán obrigadas ao pagamento de prezos públicos e das tarifas pola prestación do servizo de comedor escolar:

a) Os pais, nais e titores legais, en nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no presente decreto, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

2. O uso do servizo dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos e das tarifas por parte dos suxeitos obrigados:

a) 1 euro por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no artigo 12.2.1 do decreto antedito.

b) 2,50 euros por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no artigo 12.2.2 do decreto.

c) 4,50 euros por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

- Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
- Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 euros por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que, sen ter

responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

3. A estrutura das rendas familiares anuais netas, así como o importe dos prezos públicos veranse modificados, se é o caso, de acordo co disposto nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

As variacións descritas aplicaranse no curso escolar seguinte a aquel en que se aprobe a lei orzamentaria.

Procedemento de autodeclaración dos datos que permitan fixar os prezos públicos e as tarifas dos comedores escolares xestionados pola consellería competente en materia de educación.

A declaración responsable dos datos que permitan a aplicación dos prezos públicos ou tarifas dos comedores escolares dependentes da consellería competente en materia de educación rexerase polas seguintes normas, que poderán ser desenvoltas por orde da consellería competente en materia de educación, con base nas seguintes premisas:

1. Os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar de alumnos de ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil de centros dependentes da consellería poderán solicitar praza no seu nome, autodeclarando as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que se presenta a solicitude.

Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar a que pertenzan os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente a consellería competente en materia de educación a consultar durante todo o curso escolar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, os cales lle serán subministrados pola Plataforma de intermediación de datos e pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración xeral do Estado.

No caso de non autorizar a Administración educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o consello escolar mediante a presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta

per cápita familiar do exercicio fiscal anterior ao ano natural de presentación da solicitude.

2. A consellería competente en materia de educación, de conformidade co procedemento e consecuencias previstas respecto dos prezos públicos na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento de prezos públicos, de seren incorrectos ou inexactos os datos de renda autodeclarados. De xeito similar, comunicará aos solicitantes aos cales corresponda o pagamento de tarifas as incorreccións ou inexactitudes dos importes que deben aboar, derivadas da constatación de erros nos seus datos de renda autodeclarados.

Co fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a Administración educativa poderá ao longo do curso escolar facer as comprobacións de renda que resulten necesarias. Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nos prezos públicos e nas tarifas, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.

Así mesmo, a Administración educativa poderá durante o curso escolar axustar os importes dos prezos públicos e tarifas fixados de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro de duración superior a 6 meses de calquera membro da unidade familiar.

Pagamento dos prezos públicos e das tarifas dos comedores escolares xestionados pola consellería de educación

1. O pagamento mensual dos prezos públicos e das tarifas pola utilización do comedor escolar producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlles ao centro os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

2. Nos 5 primeiros días naturais de cada mes os obrigados ao pagamento dos prezos públicos poderán recoller os impresos de pagamento, e nos ditos impresos constarán os

elementos esenciais da liquidación do prezo público consonte o establecido na normativa xeral en materia de taxas e prezos públicos. En calquera caso, a liquidación dos prezos públicos entenderase efectuada para todos os efectos o día 5 de cada mes. O pagamento dos prezos públicos efectuarase nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda.

3. Os importes mensuais en concepto das tarifas que correspondan en cada caso satisfaranse directamente ás empresas prestadoras do servizo.

4. Ao longo do curso escolar os impagamentos dos prezos públicos e das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, senprexuízo da exixencia, no caso dos prezos públicos, do seu pagamento mediante o procedemento de constrinximento consonte a normativa tributaria de aplicación.

Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita

1. Para os efectos deste decreto o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

2. Para os efectos do acceso á gratuidade e ás bonificacións do comedor escolar, así como para a fixación das cantidades que se deben aboar en concepto de prezos públicos e das tarifas do comedor escolar, a renda familiar anual neta per cápita obtense por agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas do xeito seguinte:

Primeiro. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.

Segundo. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Terceiro. Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non tivesen obriga de presentar declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, seguirase o procedemento descrito no punto primeiro anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Cuarto. Finalmente, o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

O servizo de comedor escolar financiarase cos seguintes ingresos:

- a) Achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cubrir o custo dos servizos bonificados segundo a porcentaxe que corresponda en cada caso, que se determinarán anualmente.
- b) Así mesmo, existirá un fondo complementario, que será distribuído pola comisión provincial de comedores escolares regulada no artigo 16 do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, cuxa finalidade será a de atender ás necesidades específicas de cada comedor escolar.
- c) Achegas dos usuarios.

A xestión económica do comedor escolar, ademais de constar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, terase un rexistro de ingresos e un rexistro de gastos do servizo de comedor, a xustificación dos cales será presentada, trimestral e anualmente polo/a director/a do centro ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación provincial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar.

A elaboración do orzamento de ingresos e gastos do servizo de comedor escolar no centro será realizada polos órganos competentes, dentro da súa autonomía de xestión. Para efectuar o pagamento do servizo, os usuarios de comedor deberán aboar o importe mensual ou trimestral do prezo do menú, de acordo co que para tales efectos decida o consello escolar do centro. A falta de aboamento do importe do servizo por parte dos usuarios, será causa de perda da praza de comedor por acordo do consello escolar do centro.

O estado de gastos do orzamento anual do servizo de comedor escolar incluírá tamén a adquisición do mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para o caso de créditos remanentes do exercicio anterior, será de aplicación o establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

12.-Aboamento ao persoal de atención ao alumnado do servizo de comedor.

O/A director/a, o/a secretario/a, o/a encargado/a do comedor e o persoal, laboral ou funcionario, que exerza as funcións de atención ao alumnado usuario do comedor, terán dereito a un complemento por servizos extraordinarios, como contraprestación da súa actividade e xestión, que será aboado en función do número de días de asistencia ao comedor.

A contía do complemento por servizos extraordinarios a que se refire o parágrafo anterior será establecida na instrución que para o efecto se remita aos centros para cada curso escolar. O seu importe será actualizado cada ano na mesma porcentaxe que se fixe como incremento das retribucións de carácter xeral dos funcionarios públicos.

En casos excepcionais, e tendo en consideración a especial dedicación que puiden ter lugar nalgúns casos, ese complemento por servizos extraordinarios poderá ser tratado de xeito individualizado.

O aboamento do citado complemento realizarase coa nómina ao final de cada trimestre, segundo o número real de días en que colaborou, sen que esta achega económica orixine ningún dereito de tipo individual.

Para os efectos do pagamento do complemento o/a director/a dos centros mecanizarán informaticamente a relación nominal do persoal docente que preste este servizo de atención ao alumnado cos días exactos de efectiva participación.

Así mesmo, cando haxa pais ou nais que voluntariamente exerzan a función de apoio e atención aos usuarios do comedor, estes tamén terán dereito a unha axuda económica concedida con cargo aos fondos complementarios distribuídos pola comisión provincial regulada no artigo 16 do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro.

13.-Instrucións de comezo de curso.

Antes do 1 de maio, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará públicas as instrucións de organización e funcionamento do servizo de comedor para o curso escolar seguinte nos centros de educación infantil (segundo ciclo), primaria e secundaria, nas cales se especificarán entre outros, os seguintes aspectos:

-Prezos máximos de referencia por alumno/día do servizo de xantar.

-Documentación que presentará o alumnado beneficiario de axuda, total ou parcial, do servizo de comedor prestado no centro.

-A actualización do importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o/a director/a, secretario/a, persoa responsable do servizo de comedor e restante persoal, funcionario ou laboral, de atención ao alumnado usuario do servizo de comedor.

14.-Avaliación e seguimento.

Na memoria final de curso incluírase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se lle dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

DEBERES E DEREITOS DOS USUARIOS DO COMEDOR ESCOLAR

DEREITOS

- A unha alimentación que proporcione unha dieta equilibrada que favoreza a adquisición de hábitos dietéticos axeitados.
- A ser atendidos e respectados polo persoal do servizo de comedor durante as comidas e o tempo libre anterior e posterior ás mesmas.
- A formular suxestións relativas ó funcionamento do servizo de comedor, menús e outras circunstancias que se produzan.

DEBERES

- Entrar ordenadamente no comedor e manter un tono de voz axeitado que evite molestias ós demais comensais.
- Ocupar na mesa o lugar fixado coa debida compostura.
- Observar as normas básicas de hixiene (**lavar as mans antes e despois de comer, comer pausadamente, comer de todo ...**) e utilizar de forma correcta os utensilios de que se dispón para comer.

O incumprimento das normas será notificado polo persoal encargado á Comisión de Convivencia que resolverá segundo as normas xerais do Centro.

HORARIO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR

Ed. Infantil e Primaria

Meses de setembro e xuño: 14:00 a 15:30

Meses de outubro a maio:

- Luns: 13:55 a 15:25
- Martes, mércores e xoves: 13:05 a 15:25
- Venres: 14:15 a 15:20

Ed. Secundaria

Meses de setembro e xuño: 14:30 a 15:30

Meses de outubro a maio:

- De luns a xoves: 14:30 a 15:35
- Venres: 13:35 a 15:20

DISTRIBUCIÓN DE COLABORADORES POR ESPAZOS:

Ed. Infantil e Primaria

- Comedor: 7 colaboradores
- Patio de Infantil e 1º ciclo de Primaria: 4 colaboradores
- Patio de 2º e 3º ciclo de Primaria: 3 colaboradores

Ed. Secundaria

- Comedor: 4 colaboradores
- Patio: 4 colaboradores

Normas complementarias

1. Cuidarase especialmente da orde e compostura dos alumnos/as nas entradas, estancias e saídas do comedor, así como da distribución equitativa e correcta dos alimentos, utilización adecuada de cubertos, vasos, servilletas e vixiarase que non se faga mal uso dos alimentos.
2. Os espazos ou recintos nos que se encuentre o alumnado deben contar en todo momento coa presenza dun colaborador.
3. O alumnado non debe acceder as dependencias do interior do centro a non ser que o acompañe un colaborador.

4. Como norma xeral, utilizaranse os servizos exteriores. En caso de que un alumno teña necesidade de acceder ao interior será imprescindible que o acompañe un colaborador.
5. Despois do xantar, os colaboradores organizarán o acceso ás aulas e os baños interiores para facilitar ao alumnado o cepillado de dentes.
6. Cando se faga uso da biblioteca e da sala de xogos é imprescindible a presenza dun colaborador.
7. En caso de mal tempo, o alumnado de 2º e 3º ciclo de Primaria poderán utilizar o salón de actos como sala de audiovisuais, a biblioteca, a aula habilitada para sala de xogos e o polideportivo, e sempre coa necesaria presenza dun colaborador.
8. Os alumnos de Infantil e 1º ciclo de Primaria, os días de mal tempo, poderán utilizar as aulas e corredores que se habilitarán como salas de audiovisuais e de xogos.
9. Os alumnos de Secundaria, en caso de mal tempo, poderán utilizar a biblioteca, a aula habilitada para sala de xogos e o polideportivo, e sempre coa necesaria presenza dun colaborador.
10. En Secundaria vixiarase especialmente o acceso aos baños por estar no interior do edificio.
11. Se un alumno se atopa mal ou sofre un accidente chamaráse inmediatamente a súa familia, se non se pode localizar a esta, e a situación se considera grave chamar aos teléfonos 061/112. O centro conta con botiquín de primeiros auxilios.
12. Se un pai/nai ven recoller ao seu fillo/filla antes do remate do tempo de comedor, deberá firmar unha autorización que se lle facilitará no centro.
13. De luns a venres, os meses de xuño e setembro, e os venres, o resto do curso, cando soe o timbre para saír, formaránse filas e os colaboradores acompañarán aos alumnos as respectivas aulas para que recollan as mochilas.

ACTIVIDADES EDUCATIVAS E RECREATIVAS QUE DESENVOLVERÁ O ALUMNADO QUE UTILICE O SERVIZO DE COMEDOR

O alumnado dispón de pistas polideportivas cubertas e ao aire libre onde se practican xogos en equipo (baloncesto e fútbol-sala) e espazos libres nos que se desenvolven xogos tradicionais (brilé, peón, salto da corda,...).

Biblioteca: As salas de biblioteca permanecen abertas e dispoñen de servizo de préstamo.

Salas multiuso: Nestes espazos os alumnos dispoñen de xogos de mesa (xadrez, damas, parchis, xogos educativos, ...)

Sala de audiovisuais: Os días de frío e choiva proxéctanse películas e documentais.

Sesta: Os alumnos de Ed. Infantil dispoñen de camas plegables para o descanso. No caso de alumnos de 3 e 4 anos esta actividade priorizarase sobre as demais.

Este Protocolo no que se recollen as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación, foi aprobado polo Consello Escolar o 4 de decembro de 2014.